

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

LISTAS AUTONÓMICAS



COMO FUNCIONAN AS LISTAS AUTONÓMICAS?

Nas listas de ámbito autonómico cada aspirante poderá indicar no formulario electrónico (FIDES/expedient-e) os **distritos sanitarios** nos que desexa prestar servizos con carácter preferente.

Se non marcas ningún distrito, entenderase que aceptas ser chamado/a para calquera distrito sanitario.



COMO SE REALIZAN OS CHAMAMENTOS?

PRIMEIRA VOLTA

Cando exista unha vacante ou necesidade nun distrito sanitario:

✔ O SERGAS chamará **primeiro ás persoas que teñan seleccionado ese distrito** como opción preferente, respectando sempre a orde da lista.

SEGUNDA VOLTA

Se a praza non se cobre na primeira volta:

✔ O chamamento realizarase por rigorosa orde de prelación na lista, **sen ter en conta as preferencias de distrito.**



QUE PASA SE XA ESTÁS TRABALLANDO NUN DISTRITO?

As persoas que xa estean vinculadas nun distrito sanitario:

✔ **Poderán recibir ofertas de nomeamentos de longa duración** noutros distritos que teñan seleccionado como preferentes.

IMPORTANTE

A aceptación dun nomeamento de longa duración nun distrito **distinto ao da túa vinculación actual** será: **Voluntaria**

Se **renuncias** a unha oferta de longa duración nun distrito **distinto ao teu**:

- ✔ Permanecerás como **indisponíble para novas ofertas nese distrito** ata que remate o vínculo que tes en vigor.
- ✔ Seguirás **como dispoñible nos demais distritos preferentes.**